

MEMORIA FINAL “Grupo de Traballo Dinamización da Biblioteca escolar”

DATA: 10 de maio de 2023

1. Introducción

Este Grupo de traballo está motivado polo bo funcionamento do levado a cabo o curso anterior e coa intención de darlle continuidade e vitalidade á biblioteca escolar.

A base de todo o proxecto está nunha nova visión do concepto de biblioteca que pasa de ser un lugar para uns poucos presidido polo letreiro que reza “silencio” a unha biblioteca inclusiva onde non só se dean cita os que de propio intento van buscar ou ler un libro. O reto é que tamén vaian aqueles que pensen que a lectura non lles gusta e que acaben atrapados nas páxinas dun libro, porque lecturas hai moitas o caso é atopar a túa.

2. Participantes:

1. Francisca Raquel Castro Martínez
2. Ana María Castro Núñez
3. María Soraya Domínguez Portela
4. María Sandra Mera Varela
5. Margarita Alén Carballo
6. María de las Mercedes García Herrero
7. María Estrella Rial Pan
8. María Villar Castro
9. Mariña López Yunta
10. Matías Rodríguez da Torre
11. Laura Iglesias Rodríguez

3. Obxectivos iniciais:

- Continuar no programa de “alumnado voluntario” das Bibliotecas escolares solidarias, cos que traballaremos este ano a temática “A memoria”, ademais de formalos como auxiliares de biblioteca.
- Darlle visibilidade ao proxecto memoria e implicar outros departamentos.
- Ampliar o espazo de entrada á biblioteca, cun recibidor que sexa espazo de exposición de novidades e sala de conversa e lectura de xornais a un tempo.

- Habilitar unha aula de estudo e consulta, tanto para profesorado como para alumnado, onde poidamos almacenar os volumes que non teñen espazo na Biblioteca e ao mesmo tempo que sirva de aula de estudo nas horas de lecer.
- Crear zonas de lecer fóra do edificio, onde poidamos ofertar lecturas e actividades relacionadas coa motivación á lectura.
- Continuar cos “Recreos activos”.
- Implicar as familias na Biblioteca, convidándoos a facerse socios/as e a dar ou recibir charlas.
- Formarse coas visitas de Paula Carballeira (“Facer memoria”) e de Emma Pedreira (“O libro obxecto”)

4. Consecución dos obxectivos:

- Continuamos no programa de “alumnado voluntario” das Bibliotecas escolares solidarias, cos que traballamos a temática “A memoria”, ademais de formalos como auxiliares de biblioteca.
- Démoslle visibilidade ao proxecto memoria e implicar outros departamentos.: matemáticas, física e química, debuxo,
- Ampliamos o espazo de entrada á biblioteca, cun recibidor con porta de cristal que nos permite ter un espazo de exposición continua de novidades e traballos desenvolvidos. de novidades e sala de conversa e lectura de xornais a un tempo.
- Habilitamos unha aula de estudo e consulta, tanto para profesorado como para alumnado, onde almacenamos os volumes que non teñen espazo na Biblioteca e ao mesmo tempo que serve de aula de estudo nas horas de lecer.
- Recreos activos: mes da ciencia, pasapalabra, recitado de poesía

5. Conclusión:

A valoración final do curso non pode ser máis ca positiva, xa que se conseguiron os obxectivos iniciais e mesmo se sobrepasaron, como foron todas as actividades feitas ao abeiro da Deputación de Pontevedra “O pasado por vir”.

6. Anexos:

Material fotográfico das actividades desenvolvidas.



Xornada de formación con Paula Carballeira para alumnado voluntario da Biblioteca e profesorado do Grupo.



Recreos activos: “O pasapalabra”



Abril

MES DO LIBRO

PROGRAMACIÓN ESPECIAL DA BIBLIOTECA

VISITAS:

Venres 14 - 12:35h

Miguel Anxo Alonso que falará do seu libro *O país da choiva* co alumnado de 1º da ESO.

Xoves 27 - 19:00h

Diego Giráldez estará co Club de lectura de adultos para falar da súa novela *O meu sangue*.

RADIO RIBEIRA:

Recomendación dun libro cada venres (alumnado e profesorado).

OBRADOIROS:

Martes 11 - 11:45h

"Memorias do salitre", obradoiro de narración oral con **Vero Rilo**, alumnado de 1º de Bach.

Martes 18, ás 16:00, lectura do *"Libro da memoria"* para 1º da ESO.

TEATRO:

Venres 21 - 13:00h

"A volta á provincia das misións pedagóxicas" co grupo **Polo correo do vento**, para 4º da ESO.

CONVIVENCIAS:

Venres 21

II Xuntanza de Bibliotecas do Porriño no Parque Alba, para 1º da ESO

Luns 24

Apadriñamento lector, voluntariado da Biblioteca co alumnado do Antonio Palacios.

Martes 25, ao medio día

Xantar dos Clubs de lectura (Ribeira do Louro e Antonio Palacios)

EXPOSICIÓNS:

Proxecto memoria: na entrada do IES e na entrada da Biblioteca.

"Este libro é o meu tesouro" na Biblioteca, na semana do libro (do 17 ao 21)

ACORDA (memoria histórica) na entrada, a partir do día 25 ata o 9 de maio.

CHARLA:

Martes 25 16:00h,

"A memoria de San Simón", Matías da Torre para 1º de Bach.

PROXECCIÓN:

Documental ACORDA (memoria histórica), todo o mes.

RECREOS ACTIVOS:

Todos os mércores, semifinal do "Pasapalabra"

Venres 14

Especial "Día do pobo xitano"

OLIMPIADA LITERARIA:

Dende o 14 de abril ao 15 de maio. (Inscripción e bases na biblioteca a partir do 11 de abril)



Cartel das actividades de abril



Obradoiro de Chapas e letras na xornada de convivencia dos Clubs de lectura



O departamento de debuxo axudou ao proxecto memoria colgando do Teito da Biblioteca unha banda de “libros/paxaro” con títulos que non podemos esquecer.



Charla sobre “A memoria Dixital”



Exposición “Acorda” sobre a Memoria histórica en colaboración coa Deputación.



Diplomas do “Pasapalabra”




biblioribeiradolouro



Gostos: **iesribeiralouro** e 15 outras
pessoas

biblioribeiradolouro Exposición "Mestres
da memoria" proxecto Memoria,
Biblioribeira

Publicidade no "Instagram" da Biblioteca das exposicións do noso grupo de traballo.



Exposición “Libro tesouro”, onde cada profesor/a e alumno/a deixaba do expositor da Biblio o seu libro tesouro e explicaba o motivo, na tarxetinha que lle puñamos.



Grupo de teatro polo Correo do vento para 4º da ESO dentro do “Proxecto memoria”